

DOCUMENTO TÉCNICO



Precísase un ordenador persoal, portátil ou móbil con altofalantes e/ ou auriculares individuais para os audios e vídeos.

Podes instalar o curso completo ou os temas que seleccionas na túa Aula Virtual.

Podes consultar as instrucións da web de Moodle para a restauración de cursos [nesta](#) ligazón ou sigue estes pasos sinxelos:

A. Instalación

1. Descarga e obtén o arquivo .mbz (ANM.mbz, ANM-curso.mbz ou un nome similar)
2. En Moodle ir a administración do sitio/ cursos/ restaurar curso (imaxe 1) ou preme directamente 'restaurar' na engranaxe na zona superior dereita da pantalla principal do teu curso (imaxe 2).



3. Carga o ficheiro co curso completo:

Importar un ficheiro de copia de seguridade

Ficheiros ! Escolla un ficheiro... Tamaño máximo para ficheiros novos: 800MB

ANM-curso.mbz

Restaurar

4. Preme 'restaurar':

Restaurar curso

[Inicio](#) / [Administración do sitio](#) / [Cursos](#) / [Restaurar curso](#)

Importar un ficheiro de copia de seguridade

5. Logo de premer "restaurar" aparecerá isto:

1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶ 7. Completa

Detalles da copia de seguridade

Tipo	Curso
Formato	Moodle 2
Modo	Xeral
Data de realización	Martes, 21 de Xuño de 2022, 18:07
Versión do Moodle	3.9.13+ (Build: 20220408) [2020061513.05]
Versión da copia de seguridade	3.9 [2020061500]
URL da copia de seguridade	https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual [982d852102ff6f2ba6495a9a1baa8bb0]

6. Preme "continuar" na parte inferior da páxina.

Selección: 13 Incluído na copia de seguridade xunto coa información de usuarios

Continuar

7. Escolle entre "restaurar como curso novo" ou "restaurar nun curso existente" (premer "continuar" na parte inferior da opción escollida). De escoller "restaurar nun curso existente", elixe entre fusionar a copia co curso existente ou eliminar ese curso existente.

Inicio / Administración do sitio / Cursos / Restaurar curso

1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶ 7. Completa

Restaurar como curso novo

Restaurar como curso novo

Requirido

Seleccione unha categoría

Nome	Descrición
<input type="radio"/> Departamento Xeografía e Historia	

Buscar categorías

Restaurar nun curso existente

Fusionar a copia de seguridade do curso co curso existente

Eliminar o contido do curso existente e após restaurar

Seleccione un curso

Nome abreviado do curso	Nome completo do curso
-------------------------	------------------------

Restaurar neste curso

Fusionar a copia de seguridade do curso con este curso

Eliminar o contido do curso actual e após restaurar

Restaurar nun curso existente

Fusionar a copia de seguridade do curso co curso existente

Eliminar o contido do curso existente e após restaurar

Seleccione un curso

Nome abreviado do curso

Nome completo do curso

Non inclúas os usuarios matriculados e preme 'seguinte':

Inicio / Administración do sitio / Cursos / Restaurar curso

1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶ 7. Completa

Restaurar os axustes

Incluir os usuarios matriculados

Incluir os métodos de matriculación

Incluir as asignacións de rol de usuario

Incluir as actividades e recursos

8. Nomea o curso e selecciona os seus axustes. Preme "seguinte" na parte inferior da páxina.


1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶

Axustes do curso

Nome do curso

Nome abreviado do curso

Incluído na copia de seguridade (sen información de usuarios)

Módulo	Título	Información do usuario
 Etiqueta	A nosa música "A nosa música" Por Ignacio Port...	✘

Continuar



9. Revisa e preme "executar a restauración" na parte inferior da páxina.

Inicio / Administración do sitio / Cursos / Restaurar curso

1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶ 7. Completa

Restaurar os axustes

Incluír os usuarios matriculados	✘
Incluír os métodos de matriculación	Si, mais só se os usuarios están incluídos
Incluír as asignacións de rol de usuario	✘ 🔒
Incluír as actividades e recursos	✓

...

Sección 13	✓	Datos de usuario	✘ 🔒
------------	---	------------------	-----

Anterior Cancelar Executar a restauración

Na parte superior aparecerá:

1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ **4. Esquema** ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶ 7. Completa

Axustes do curso

Sobrescribir a configuración do curso

Non ↕

Nome do curso

Sobrescribir

A nosa música

Nome abreviado do curso

Sobrescribir

ANM

Data de inicio do curso

Mércores, 15 de Setembro de 2021, 00:00 🔒

E no fondo, logo de deixar todo seleccionado ou escoller certas partes, dá-lle a 'seguinte':

<input checked="" type="checkbox"/>	Datos de usuario	Non
<input checked="" type="checkbox"/>	A nosa música "A nosa música" Por Ignacio Port... 🗑️	Non

[Anterior](#) [Cancelar](#) [Seguinte](#)

Na seguinte ventá preme 'executar a restauración':

A nosa música "A nosa música" Por Ignacio Port... 🗑️	<input checked="" type="checkbox"/>	Non
--	-------------------------------------	-----

[Anterior](#) [Cancelar](#) [Executar a restauración](#)

10. Agarda a que remate o proceso.

1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ **6. Proceso** ▶ 7. Completa

176.15 segundos - 1.21%

Premer "continuar" cando remate:

1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶ **7. Completa**

O curso foi restaurado satisfactoriamente. Se preme no botón «Continuar» poderá ver o curso que vén de restaurar.




[Continuar](#)

B. Edición do curso

A organización dos once temas do curso está configurada en formato de temas separados. Se o queres modificar preferencia con estes pasos:


1. Editar os axustes
2. Formato do curso. elixir a opción desexada. Collapsed topics, bottoms format...

▼ **Formato do curso**

Formato		Formato dos temas
Seccións agochadas		As seccións agochadas amósanse nun formulario contraído
Paxinación do curso		Amosar todas as seccións nunha páxina

O cualificador non está axustado, pero as actividades H5P e os cuestionarios Moodle permiten incorporar datos para o seu uso coas persoas usuarias da aula virtual.

As actividades H5P aparecen inseridas en cadanseu libro dos diferentes once temas. Amais pódolos descargar por separado no último tema para os modificar á túa preferencia. Tamén os podes incrustar premendo en 'embeber' na parte inferior esquerda de cada actividade H5P (copiando e adaptando o código) e 'reutilizar'.



ANM 1. Actividades

Arrastra as palabras ás caixas correctas

Do inglés 'folk' () e 'lore' () temos o termo ' ', o conxunto de tradicións, costumes, manifestacións artísticas e demais saberes dun pobo, incluída a música.

Antes da aparición dos (medios de comunicación masiva), a música folclórica era a propia do pobo, a .


Falamos tamén de 'música de tradición oral' ou .

música popular
pobo
música tradicional
folklore
saber, coñecemento
mass media

1 / 5 ▶

Reutilizar <> Embeber H-P

Se decides reutilizalo, aparecerache esta pantalla para que baixes o arquivo H5P ou pódelo tamén copiar directamente onde sexa soportado ese formato:



Para incrustalo ou “embebelo”, preme en ‘embeber’ e aparecerache o código co tamaño suxerido, que podes modificar:



Se instalas todo o curso na túa Aula Virtual, lembra ocultar para o alumnado este último tema coas actividades H5P.

Ignacio Portela Gómez-Macías